

dada por la Lei 4/1999, de 13 de Xaneiro. Nembargante, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

**Carga de recibos domiciliarios:** Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

O que se anuncia e se fai público para xeral coñecemento do presente ANUNCIO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación e 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 05 de febreiro de 2016.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo

R. 0400

## LÁNCARA

### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno do Concello de Lán cara en sesión ordinaria realizada o 24/11/2015 (corrección de erros 28/01/2016) acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, instalación e obras. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 14/12/2015 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

#### **“ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS**

##### **Artigo 1º.- Feito imponible.**

1.- Constitúe o feito imponible do imposto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se obtivera ou non a dita licenza, ou para a cal se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este concello.

2.- As construcións, instalacións e obras ás que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

- a) Obras de construción de edificación e instalacións de todas as clases de nova planta.
- b) Obras de ampliación ou reforma de edificios e instalacións de todas as clases existentes.
- c) Obras de modificación ou reforma que afecten á estrutura dos edificios e instalacións de todas as clases existentes.
- d) Obras que modifiquen a disposición interior dos edificios calquera que sexa o seu uso.
- e) Obras que teñan que realizarse con carácter provisional no caso en que estean xustificadas, que deberán derrubarse cando o acorde o Concello, sen dereito a indemnización, de acordo co establecido en la regulación urbanística.
- f) Obras de instalación de servizos públicos.
- g) Os movementos de terra, tales como desmonte, aplanamiento, excavación e terraplenado, agás que tales actos estén detallados e programados como obras a efectuar nun proxecto de urbanización ou de edificación aprobado e autorizado.
- h) A demolición das construcións, agás nos casos declarados de ruina inminente.
- i) As instalacións subterráneas dedicadas a aparcadoiros, actividades industriais, mercantís ou profesionais, servizos públicos ou calquera outro uso a que se destine o subsolo.
- k) A colocación de carteis de propaganda visibles dende a vía pública.
- l) E, en xeral, calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza ou estea sometida ó réxime de comunicación previa e declaración responsable, segundo o previsto na lexislación vixente, plans, normas ou ordenanzas.

##### **Artigo 2º.- Suxeitos pasivos.**

1.- Son suxeitos pasivos deste Imposto, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha entidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela, a cuí os efectos terá a consideración do dono quen soporte os gastos ou o coste que comporte a súa realización.

2.- No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os que soliciten as correspondentes

licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou os que realicen as realicen as construcións, instalacións ou obras.

3.- O substituto poderá exixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

#### **Artigo 3º.- Exencións.**

Están exentas deste imposto as construcións, instalacións e obras das que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais que, estando suxeitas, vaian ser directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das augas residuais, aínda que a xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto si se trata de obras de investimento novo como de conservación. As obras comunitarias, rehabilitación de edificios por incendios, inundacións, etc

#### **Artigo 4º.- Bonificacións.**

A cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras será susceptible de bonificación nos seguintes supostos:

1.- Bonificación a favor de construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas que reúnan as seguintes características:

a) O Estado, as Comunidades autónomas, Entidades locais e os seus respectivos Organismos Autónomos, gozarán da bonificación en cota do 95% polas construcións, instalacións e obras destinadas a hospitais, ambulatorios e á educación infantil, primaria e secundaria.

b) O Estado, as Comunidades autónomas, Entidades locais e os seus respectivos Organismos Autónomos, gozarán da bonificación en cota do 50% polas construcións, instalacións e obras destinadas a centros educativos-cultural, sanitarios, asistenciais, sociais, culto relixioso e os que se refiren á conservación, rehabilitación ou protección dos bens inmobles ou dos espazos de interese que figuren nos Catálogos de Bens e Espazos Protexidos.

c) Así mesmo, aquelas entidades, asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro terá unha bonificación na cota do Imposto do 50% polas mesmas construcións, instalacións e obras recollidas nos apartados a) e b) do presente artigo.

d) Os suxeitos pasivos gozarán dunha bonificación do 35% por aquelas construcións, instalacións e obras que afecten a vivendas e outras edificacións que se caractericen pola súa especial vinculación co sector primario de carácter agrícola, gandeiro ou forestal.

e) Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de membros de familia numerosa na data do decheño do imposto, e no relativo a aquelas construcións, instalacións e obras que afecten á súa vivenda habitual familiar, terán as seguintes porcentaxes de bonificación, conforme ás categorías de familia numerosa establecidas pola Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas:

- Categoría xeral: 20% de bonificación na cota íntegra.
- Categoría especial: 50% de bonificación na cota íntegra.

Para ese efecto, entenderase por vivenda habitual familiar aquela en que estea empadroado o suxeito pasivo que teña a condición de membros de familia numerosa acreditada mediante a presentación do correspondente título ou aquela vivenda que vaia a selo nun prazo máximo dun ano unha vez terminada a construción, instalación ou obra.

2.- Unha bonificación do 90% a favor das construcións, instalacións e obras específicas que sexan necesarias para favorecer o acceso e habitabilidade dos discapacitados, por aquela parte de proxecto que afecte unicamente a estas construcións, instalacións e obras.

3.- Unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións e obras referentes ás vivendas de protección oficial.

4.- As bonificacións previstas neste artigo esixirán:

a) Solicitude do interesado.

b) Informe dos servizos municipais correspondentes e, en todo caso, informe do servizo de xestión, recadación e inspección tributaria do Concello.

c) Acordo da Xunta de Goberno local, e, no seu caso, do Pleno, por maioría simple dos seus membros.

5.- As solicitudes de bonificacións incluídas neste artigo, deberán presentarse coincidindo coa solicitude das correspondente licenzas.

#### **Artigo 5º.-Base imponible, cota e devengo.**

1.- A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación e obra, e enténdese por tal o custo de execución material da mesma.

2.- A cota do imposto é o resultante de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3.- O tipo de gravame é o 3,1%.

4.- O imposto devéñase no momento de solicitar a licenza urbanística para a construción, instalación e obra ou non da presentación da comunicación previa e declaración responsable.

#### **Artigo 6º.- Xestión.**

1.- Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar autoliquidación polo imposto, determinándose a base imponible en función do orzamento declarado polo interesado, e a ingresala, en calquera entidade colaborada autorizada, ao solicitar a licenza preceptiva, sen que o pago realizado leve ningún tipo de presunción ou acto declarativo de dereitos a favor daqueles.

2.- O pago da autoliquidación presentada será a conta da liquidación provisional e, en caso, da liquidación definitiva que se practique unha vez terminadas as construcións, instalacións ou obras.

3.- Cando se modifique o proxecto da construción, instalación e obra, e houbese incremento do seu orzamento, unha vez aceptada a modificación pola Administración municipal, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaría da diferenza entre o orzamento inicial e o declarado.

4.- Unha vez terminadas as construcións, instalacións ou obras, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria do tributo no caso de que o custo real e efectivo da obra se superior ao declarado. A autoliquidación presentarase e ingresará xunto coa solicitude da licenza de primeira utilización ou ocupación.

5.- Á vista da documentación achegada, ou de calquera outra relativa ás construcións, instalacións ou obras, e das efectivamente realizadas, así como do seu custo real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, segundo proceda, a cantidade que resulte.

6.- No caso de que non se executen as construcións, instalacións ou obras, o interesado terá dereito á devolución do ingresado, unha vez que formule renuncia expresa á licenza ou exista declaración de caducidade.

#### **Artigo 7º.- Inspección e recadación.**

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

#### **Artigo 8º.- Infraccións e sancións.**

En todo o relativo a cualificación das infraccións tributarias como tamén a determinación das sancións que polas mesmas correspondan no seu caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan seguinte ao da súa publicación, permanecendo en vigor mentres non se modifique ou derroge.

Disposición final.- A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, continuando a súa vixencia ata que se acorde a modificación ou derogación.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 11 de febreiro de 2016.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 0402

---

#### *Anuncio*

Por decreto da alcaldía de data 10 de febreiro de 2016, aprobáronse os padróns tributarios das taxas pola prestación do servizo de auga, lixo, sumidoiros e canon de auga da Xunta, correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2015, así como a apertura dun período de información pública por prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o 11 de febreiro de 2016 ó 5 de maio de 2016.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que se poidan interpor ambos simultaneamente, transcorrido este prazo, as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximeto co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.